




Algunhas das obras presentes na mostra.

“Seoane conciliou a fidelidade á tradición co cosmopolitismo”

Carlos L. Bernárdez

– Que aporta de novidade esta exposición con respecto a outras anteriores arredor do propio Seoane?

O que nos interesaba era resaltar os dous aspectos que aparecen no título: razón e compromiso. Por un lado, quixemos desenvolver un argumento que explicase o proceso formal da evolución da súa obra, que se pode percibir moi ben pola escolla que realizamos, xa que son pezas que manifestan o desenvolvemento da construción do estilo. O segundo elemento é o compromiso. Buscamos explicar como a obra de Seoane está ligada a un proceso de carácter social e mais de construción dunha pintura galega de seu.

– Como foi esa evolución, esa construción de estilo?

Nas primeiras obras, as dos anos 40, pódese ver que participa dos presupostos formais do movemento renovador galego, da arte que ten como punto de partida un tipo de realismo de carácter social, cunhas raíces moi evidentes, o que se vén denominando habitualmente “estética do granito”: Maside, Souto, o propio Colmeiro, o Laxeiro da primeira época... Logo, sen renunciar aos valores de fondo temáticos, a elementos formais como a figura feminina -que ten un marcado simbolismo, a Mater Gallaeica, que se ofrece case como icona, cunha presenza plástica moi rotunda-, Seoane vai construír un estilo propio, moldeando estilisticamente esa pintura e relaborándoa en claves modernizadas. Chega así a unha pintura planimétrica, que se pode observar na súa obra a partir dos anos 50, e que leva a un tipo de figura máis esquemática, elaborada en planos de cor e liña, onde as mesmas liñas funcionan como trazos construtivos pero, ao mesmo tempo, autónomos. Seoane reconece que a súa inspiración estaría un pouco nas vangardas históricas: o Picasso dun determinado momento, Leger, Le Corbusier, Matisse tamén en certo sentido... referentes modernos que el coñece de primeira man nas visitas a Europa que fai a finais dos 40.

– É esa vontade cosmopolita que ten a súa pintura...

Iso é moi interesante, porque Seoane é un exemplo de como se pode conciliar a fidelidade á tradición e mais o cosmopolitismo. É un pintor que en ningún momento renuncia á súa identidade nacional; reivindícaa e é unha persoa moi comprometida coa lingua, coa cultura galega e con todo o traballo que se fixo dende o exilio para perpetuar a nosa tradición cultural. Pero ao mesmo tempo é un artista moi cosmopolita. El considera que para ser cosmopolita, hai



FOTO: ELI REGUEIRA

O novo Centro Social Caixanova en Santiago de Compostela inaugúrase hoxe coa exposición Luís Seoane. Razón e compromiso. Comisariada por Carlos L. Bernárdez e Fernando M. Vilanova, a mostra fai un percorrido pola traxectoria pictórica dun dos persoeiros da cultura galega do século XX, referente tanto pola súa arte como polo seu labor intelectual.

NATALIA ÁLVAREZ

que ser dun lugar. E se un ve os murais que fixo na Arxentina, reconécese esteticamente no que está vendo, é galego, mais ao mesmo tempo tamén vén ser internacional. A súa obra é un exemplo de como, cando un ten algo que contar e que innovar, traballando dende as raíces chega sen problemas ao espazo do cosmopolitismo. Por outra banda, e iso tamén o reivindicamos tanto Fernando coma eu mesmo nesta exposición, Seoane consegue unha síntese da Galiza máis valiosa do século XX; unha Galiza creativa, orgullosa da súa identidade nacional, respectuosa cos valores da súa singularidade histórica e artística. A el interésalle moito o proceso histórico do pobo galego, de aí os temas como a emigración, que aparecen na súa obra cun marcado carácter social.

“Conseguiu unha síntese da Galiza máis valiosa do século XX, creativa e orgullosa da súa identidade”

– Temas evidentemente fundamentais na súa obra...

Son tan importantes que a obra da diáspora galega sería imposible de entender sen el. Seoane é un elemento clave de todo este proceso. Cando chega exiliado a Bos Aires, no ano 37, en plena Guerra Civil, xa comeza unha actividade de traballo cultural e artístico dende posicións antifascistas, de crítica moi forte cara ao bando sublevado. Aí está “Trece estampas de la traición”, un álbum cun marcado ton combativo. Logo, xa no período do exilio, intenta construír un discurso estético de defensa da identidade galega ao lado doutras figuras moi importantes, tanto artistas plásticos como escritores, aos que estivo moi ligado. Pensa que no seu círculo máis íntimo están Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, Rafael Dieste... Son xente decisiva na cultura galega do exilio.

– Seoane foi pintor, debuxante, muralista, gravador... Que pezas se poden ver nesta exposición?

Fundamentalmente pintura. Pero ta-



Luis Seoane: "Razón e compromiso"

—> VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

mén se expoñen dous murais, procedentes de Arxentina. Un, de 1961, é un mosaico que estaba nas portas dun centro comercial, elaborado en cerámica de La Magdalena, a fábrica de Isaac Díaz Pardo, quen colaborou con Seoane en moitos dos seus proxectos en América. Hai tamén outra peza, neste caso de ferro, do ano 58, que procede dunha casa particular. Estas dúas obras non estiveran nunca expostas. Tamén temos unha pequena mostra do traballo de libro, non exhaustiva porque daría para outra exposición. Son só exemplos destacados, sobre todo da súa primeira etapa, nos anos 30, cando ilustrou, por exemplo, libros de Álvaro Cunqueiro como é o caso de *Mar ao norte*.

E como dicías, Seoane é un artista un pouco renacentista: é muralista, é pintor, é ilustrador, é deseñador... Algúns dos seus deseños teñen unha importancia mesmo revolucionaria no contexto de América Latina. Por exemplo, os que fixo nos anos 50 de anuncios para Cinzano, son hoxe obras de referencia nese campo, realmente espectaculares. O seu cartelismo, a súa actividade como escritor, como teórico tamén... practicou todos os xéneros, e nese sentido é unha figura clave na cultura galega.

— Hai obra tamén de cando retoma a Galiza?

Así é. Retorna nos anos 60 e traballa a fondo en todo o proxecto de reconstrución da memoria que supón o complexo de cerámica O Castro, o Museo Carlos Maside, o Laboratorio de Formas... todo ese mundo do que el é parte fundamental. Aí está, na súa última etapa, toda esa maneira de concibir a arte como algo que se debe proxectar sobre o pobo, tamén como deseño, tamén como consumo. E na exposición temos obra practicamente ata o ano da súa morte. A última pintura é de 1978: unha paisaxe de gran formato que pertence á Casa de Galicia en Madrid.

— Quen cedeu as pezas que se expo-

ñen na mostra?

Temos obras cedidas por museos galegos, como o Quiñones de León de Vigo, o Museo de Pontevedra, o de Belas Artes da Coruña, a mesma Fundación Luis Seoane... Pero hai unha maioría de obras que proceden de coleccións privadas, o que lle da tamén á exposición un valor maior, xa que son pezas menos habituais nos ámbitos expositivos. De feito, algunhas nunca se viran en Galiza. En todo caso, trátase de obras de refe-

"A obra da diáspora galega sería imposible de entender sen Seoane"

seguintes?

Creo que a obra de Seoane ten ese elemento de continuidade, o reivindicar a tradición estética nacional, que se pode percibir noutros artistas galegos e que chega até os anos 80, no movemento Atlántica. Seoane falaba da arte galega como outra linguaxe, paralela ao idioma; unha tradición que partía da Prehistoria, dos petróglifos, e que a modo de espiral chegaba deica os nosos días. A el interesáballes esa idea de que un



FOTOS: ELI REGUEIRA

"No ámbito español, Seoane debería ter un recoñecemento moito maior"

rencia e que presentan unha forza visual importante, a diciren moito do compromiso de Seoane con Galiza, da súa maneira de estar no mundo e de ver as cousas, do seu antifascismo. Hai, por exemplo, unha obra, "Emigrante", do Museo de Belas Artes da Coruña, que trata dunha maneira moi forte o drama da emigración galega. O "Cristo obreiro crucificado", da Colección Caixanova, é unha obra que está ligada á resistencia antifranquista da última etapa da ditadura, ás loitas dos anos 70, cando as igrexas se converteron en lugares de reunión sindicais, de loita clandestina... Seoane foi sempre unha persoa cun compromiso moi grande, que nunca deixou de dar a cara.

— Que pegada queda nas xeracións

se podía incorporar a ela como parte da mesma cadea. Nese sentido, creo que a súa mensaxe estética e teórica chega até os artistas das novas xeracións. Penso que é o máis importante do seu legado, a parte dunha obra dunha enorme calidade, que é homologábel á de calquera dos mellores pintores das vangardas internacionais. A súa linguaxe está na modernidade, e foi recoñecido como tal. Expuxo en moitos países: en Alemaña, Suíza, Gran Bretaña... e a súa obra está representada en moitos lugares do mundo. En Arxentina é considerado como un grande pintor arxentino, mesmo ás veces é máis recoñecido alí que entre nós. Neste sentido, penso que no ámbito español, a obra de Seoane debería ter un recoñecemento moito maior.